

seguintes: o título de bacharelato previsto na Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, o título de bacharelato establecido na Lei 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, e os estudos anteriores declarados equivalentes a este último, de acordo con este real decreto.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Queda derogada a Lei 30/1974, do 24 de xullo, sobre probas de aptitude para o acceso ás facultades, escolas técnicas superiores, colexios universitarios e escolas universitarias, con valor regulamentario en virtude do punto 4 da disposición derradeira cuarta da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, e cantas disposicións de inferior rango fosen dictadas no seu desenvolvemento.

2. Queda derogado o Real decreto 69/2000, do 21 de xaneiro, polo que se regulan os procedementos de selección para o ingreso nos centros universitarios dos estudantes que reúnan os requisitos legais necesarios para o acceso á universidade, salvo o disposto no capítulo V do dito real decreto relativo á regulación da admisión de estudantes ó segundo ciclo de estudos universitarios oficiais que segue vixente para os ditos supostos.

3. Queda derogado o Real decreto 1640/1999, do 22 de outubro, polo que se regula a proba de acceso a estudos universitarios, sen prexuízo do disposto na disposición transitoria segunda deste real decreto.

4. Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto ten carácter de norma básica e dítase ó abeiro do artigo 149.1.30.<sup>a</sup> da Constitución, en desenvolvemento do establecido no artigo 42.3 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento regulamentario.*

Correspóndelle ó ministro de Educación, Cultura e Deporte, no ámbito das súas competencias, dictar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Aplicación deste real decreto.*

Correspóndelles ás universidades adoptaren as medidas necesarias para garanti-lo cumprimento do disposto neste real decreto e resolver, conforme criterios de garantía, transparencia e inmediatez, as solicitudes, incidencias e reclamacións presentadas polos estudantes no exercicio dos seus dereitos.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

1. Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

2. O establecido neste real decreto será de aplicación ós procesos de acceso ás universidades a partir do ano académico 2006/2007, unha vez implantada, con carácter xeral, a proba xeral do bacharelato, en virtude do previsto no artigo 6.d) do Real decreto 827/2003, do 27 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo, establecida pola Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación.

Dado en Madrid o 19 de decembro de 2003.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Educación, Cultura e Deporte,  
PILAR DEL CASTILLO VERA

**1303** *REAL DECRETO 49/2004, do 19 de xaneiro, sobre homologación de plans de estudos e títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.* («BOE» 19, do 22-1-2004.)

O artigo 149.1.30.<sup>a</sup> da Constitución atribúelle ó Estado como competencia exclusiva a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos. Esta competencia vén sendo exercida polo Goberno coa finalidade de dotar de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional os títulos expedidos polas universidades españolas, distinguíndoos así doutros títulos ou diplomas expedidos por universidades, institucións ou centros de educación superior que non gozan de tal carácter.

A Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, establece no seu artigo 35 unha serie de mecanismos para a homologación de plans de estudos e títulos académicos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, que teñan como finalidade garantir que os estudos universitarios en España obedezan a unhas regras básicas comúns de contido, organización e calidade, sen prexuízo das competencias que sobre esta materia lles corresponden ás universidades e ás comunidades autónomas.

Para estes efectos, a mencionada lei prevé un procedemento no que interveñen tódalas autoridades competentes en materia de educación universitaria, polo que resulta imprescindible dicta-la norma que o regule.

Así mesmo, en desenvolvemento dunha das principais innovacións da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, este real decreto recolle as previsións correspondentes á avaliación da calidade e acreditación das ensinanzas pola Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación, e ós mecanismos de suspensión e revogación da homologación de títulos académicos.

Sobre este real decreto emitiu informe o Consello de Coordinación Universitaria.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Educación, Cultura e Deporte, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 16 de xaneiro de 2004,

DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto ten como finalidade desenvolver-lo procedemento necesario para a aplicación das medidas previstas no artigo 35 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, en relación coa homologación de plans de estudos e de títulos universitarios académicos, así como, se é o caso, a suspensión e revogación da homologación dos ditos títulos.

2. Este procedemento é aplicable ós plans de estudos conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, así como ós correspondentes títulos.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto, enténdese por:

a) Homologación dun plan de estudos: o proceso e o acto polo que o Consello de Coordinación Universitaria verifica que o contido do dito plan de estudos aprobado por unha universidade se axusta ás directrices xerais establecidas conforme o artigo 34 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

z

b) Homologación dun título académico: o proceso e o acto polo que o Goberno comproba que o título corresponde a un plan de estudos previamente homologado polo Consello de Coordinación Universitaria, e que se cumpren os requisitos sobre medios e recursos adecuados para que a universidade poida impartir tales ensinanzas, do acordo coa certificación expedida para o efecto pola comunidade autónoma correspondente, de conformidade co artigo 4.3 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

c) Suspensión da homologación dun título académico: a prohibición temporal a unha universidade para impartir determinadas ensinanzas conducentes á obtención dun determinado título oficial, así como para a expedición do título correspondente, cos efectos previstos neste real decreto, por incumprimento dos requisitos que estableza o ordenamento xurídico.

d) Revogación da homologación dun título académico: a prohibición con carácter definitivo a unha universidade para impartir determinadas ensinanzas conducentes á obtención dun determinado título oficial, así como para a expedición do título correspondente, cos efectos previstos neste real decreto, por incumprimento dos requisitos que estableza o ordenamento xurídico.

### Artigo 3. *Aprobación dos plans de estudos.*

1. Logo de autorización da implantación dunhas determinadas ensinanzas pola comunidade autónoma correspondente, as universidades elaborarán e aprobarán os seus plans de estudos conducentes á obtención do pertinente título universitario de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional axustándose ás directrices xerais establecidas para efecto.

2. A universidade remitiralle ó órgano competente da comunidade autónoma o plan de estudos elaborado co fin de que se emita informe sobre a valoración económica do dito plan, a adecuación do centro ós requisitos básicos sobre creación ou recoñecemento de centros que establezan as normas vixentes e, en particular, a existencia de medios e recursos adecuados para que a dita universidade ou centro cumpra coas funcións legalmente establecidas.

### Artigo 4. *Homologación dos plans de estudos.*

1. A universidade remitiralle o plan de estudos ó Consello de Coordinación Universitaria, xunto co informe favorable que emitise o órgano competente da comunidade autónoma.

2. A Secretaría Xeral do Consello de Coordinación Universitaria examinará o plan de estudos remitido, comprobará a súa adecuación ás directrices xerais e remitirao á subcomisión correspondente.

3. A subcomisión elevará informe á Comisión Académica sobre a procedencia ou non da homologación solicitada.

4. A decisión adoptada pola Comisión Académica será recollida na correspondente resolución da Secretaría Xeral do Consello de Coordinación Universitaria.

5. Transcorridos seis meses desde a recepción polo Consello de Coordinación Universitaria do plan de estudos sen que se producise resolución ó respecto, este entenderase homologado.

### Artigo 5. *Homologación do título.*

1. O Consello de Coordinación Universitaria remitiralle á Dirección Xeral de Universidades do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte a resolución sobre homologación do plan de estudos para que se inicie

o procedemento de homologación do título académico correspondente.

2. A Dirección Xeral de Universidades comprobará o cumprimento dos requisitos seguintes:

a) Se existe resolución de homologación do plan de estudos polo Consello de Coordinación Universitaria.

b) Se existe o informe favorable da comunidade autónoma que acredite o cumprimento dos requisitos previstos no artigo 4.3 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

3. Comprobados os requisitos anteriores, o ministro de Educación, Cultura e Deporte elevaralle ó Consello de Ministros o proxecto de acordo de homologación do título académico correspondente.

4. Unha vez adoptado e publicado no «Boletín Oficial del Estado» o acordo do Consello de Ministros polo que se homologa o título, a universidade deberá publicar no «Boletín Oficial del Estado» o plan de estudos homologado conducente á obtención do mencionado título.

5. Publicado o plan de estudos, o órgano competente da comunidade autónoma poderá proceder a autorizarlo inicio da impartición das ensinanzas, e a universidade poderá, a partir dese momento, expedirlos correspondentes títulos.

### Artigo 6. *Homologación no suposto de modificación do plan de estudos.*

1. A modificación dun plan de estudos que afecte contidos formativos comúns incluídos nas directrices xerais propias implicará a extinción do plan de estudos en vigor, e a nova versión será considerada como novo plan de estudos que deberá ser sometido, en consecuencia, ó proceso de homologación ante o Consello de Coordinación Universitaria, logo de implantación pola comunidade autónoma respectiva, e á posterior avaliación do desenvolvemento efectivo das súas ensinanzas, de conformidade cos procedementos previstos neste real decreto.

2. A modificación dun plan de estudos que afecte contidos establecidos discrecionalmente pola universidade non está suxeita ó proceso de homologación, aínda que deberá ser comunicada ó Consello de Coordinación Universitaria, que decidirá sobre a súa procedencia. A autorización da dita modificación será publicada no «Boletín Oficial del Estado» pola universidade.

### Artigo 7. *Procedemento de avaliación e acreditación da calidade das ensinanzas.*

1. De conformidade co disposto no artigo 35.5 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, as universidades deberán someter a avaliación da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación o desenvolvemento efectivo das ensinanzas correspondentes ós plans de estudos homologados e implantados na súa totalidade.

2. O procedemento e os criterios xerais aplicables á avaliación das ensinanzas correspondentes ós plans de estudos homologados e implantados na súa totalidade serán aprobados, logo de informe da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación, por orde do ministro de Educación, Cultura e Deporte, que será publicada no «Boletín Oficial del Estado».

3. No proceso de avaliación as universidades deberán acreditarlo cumprimento dos requisitos básicos que o Goberno estableza de conformidade co disposto no artigo 4.3 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, así como o cumprimento das directrices xerais do plan de estudos correspondente.

4. Coa documentación achegada pola universidade, conforme os modelos normalizados que para tal efecto se establezan, e a conseqüente avaliación externa realizada pola Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación, esta elaborará o informe de acreditación correspondente.

#### Artigo 8. *Informes de acreditación.*

1. Os informes de acreditación elaborados en relación co desenvolvemento efectivo das ensinanzas serán remitidos á universidade correspondente, ó Consello de Coordinación Universitaria, á comunidade autónoma respectiva e ó Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

2. A partir da recepción do informe emitido pola Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación, a universidade disporá dun ano para emendalas deficiencias identificadas naquel. Antes de que termine o dito prazo, a universidade poderá achega-la documentación que coide oportuna co fin de garantir que as deficiencias sinaladas no informe de acreditación fosen emendadas. Finalizado o prazo, a Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación elaborará un novo informe de acreditación.

3. A acreditación emitida pola Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación será aprobada polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e terá unha validez temporal de seis anos. Transcorrido o período de validez da acreditación, a universidade deberá someter a unha nova avaliación o desenvolvemento efectivo destas ensinanzas.

#### Artigo 9. *Causas de suspensión e revogación da homologación de títulos.*

1. O Goberno poderá ordena-la suspensión con carácter temporal ou, se é o caso, a revogación con carácter definitivo da homologación outorgada a un título expedido por unha universidade, por incumprimento dos requisitos básicos que o Goberno estableza de conformidade co previsto no artigo 4.3 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

2. En todo caso, considerárase suficiente para iniciar e resolver un procedemento de suspensión ou de revogación calquera das seguintes causas:

a) Que o plan de estudos, no seu desenvolvemento efectivo, non se suxeite ás directrices xerais establecidas, ou que as ensinanzas impartidas, aínda conforme esas directrices, non garantan uns referentes mínimos de calidade para a formación do estudante.

b) Que o plan de estudos se imparta sen que o centro conte con departamentos ou estruturas docentes e investigadoras adecuadas ós fins da formación.

c) Que para o desenvolvemento efectivo das ensinanzas, o centro non conte cos necesarios medios materiais (espacios, instalacións, laboratorios, equipamento científico, técnico ou artístico, recursos bibliográficos, etcétera), que aseguren o adecuado funcionamento dos servicios correspondentes ás ensinanzas impartidas.

d) Que para o desenvolvemento efectivo das ensinanzas, a dotación de persoal académico sexa insuficiente, o seu grao de dedicación á función docente inadecuado ou non se encontre cualificado abondo para a formación dos estudantes, de maneira que non quede garantida abondo a calidade da docencia, da investigación e da formación profesional do estudante.

e) Que se incumpra calquera outro requisito que o ordenamento xurídico lle impoña ó centro ou universidade en materia de plans de estudos e títulos para a súa homologación.

#### Artigo 10. *Procedemento de suspensión e revogación.*

1. O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte poderá inicia-lo procedemento de suspensión ou revogación da homologación dun título académico no suposto de que constate o incumprimento dos requisitos establecidos no artigo anterior.

2. O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte poderá, así mesmo, inicia-lo procedemento á vista do informe de acreditación elaborado pola Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación a que se refire o artigo 7.4.

3. En virtude das competencias atribuídas pola Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, en materia de implantación, impartición e homologación de ensinanzas universitarias, as comunidades autónomas e o Consello de Coordinación Universitaria poderánlle propor ó Ministerio de Educación, Cultura e Deporte o inicio do procedemento, cando aprecien causas de incumprimento dos requisitos sinalados no artigo anterior.

4. O acordo de iniciación do procedemento de suspensión ou revogación será notificado polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte á universidade correspondente, que disporá do prazo dun mes para realiza-las alegacións que considere oportunas. Con carácter simultáneo, o ministerio informará a comunidade autónoma respectiva do inicio do procedemento para que poida remiti-las alegacións e informes que coide oportunos. Así mesmo, será sometido a trámite de información pública por un período de 20 días.

5. Á vista das alegacións presentadas pola universidade, ou tamén, se é o caso, pola comunidade autónoma, e apreciando a existencia dalgunha das causas ou situacións previstas no artigo anterior, o ministro de Educación, Cultura e Deporte poderá formular proposta de suspensión temporal ou de revogación da homologación outorgada a un título determinado. Unha copia desta proposta será enviada á universidade e á comunidade autónoma correspondente para que manifesten o que consideren oportuno nun prazo dun mes.

6. Elevada ó Goberno unha proposta de suspensión temporal ou de revogación da homologación outorgada a un título determinado, xunto coas alegacións formuladas, o Consello de Ministros poderá decidir mediante acordo a suspensión temporal ou a revogación, con carácter definitivo, da homologación concedida ó título correspondente. A suspensión poderá ser acordada por un prazo mínimo de dous anos e un máximo de tres.

7. No suposto de que o Consello de Ministros adopte un acordo de suspensión, o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte solicitaralle, seis meses antes de que finalice o prazo de suspensión acordado, un novo informe de acreditación á Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación sobre a emenda ou non dos incumprimentos detectados.

8. Recibido o informe, de se constatar que persisten as deficiencias detectadas, o ministro de Educación, Cultura e Deporte poderalle elevar ó Goberno proposta de revogación con carácter definitivo da homologación concedida ó título correspondente.

9. O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte manterá informados a universidade, a comunidade autónoma correspondente e o Consello de Coordinación Universitaria de tódalas fases do procedemento de suspensión e revogación da homologación do título académico.

10. O acordo do Consello de Ministros que decida a suspensión ou revogación da homologación concedida a un título académico de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional pon fin á vía administrativa, e contra aquel poderase interpor recurso ante a xurisdicción contencioso-administrativa.

11. O acordo do Consello de Ministros que decida a suspensión ou revogación da homologación concedida

z  
a un título académico de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional será publicado no «Boletín Oficial del Estado».

**Artigo 11. Consecuencias da suspensión ou revogación.**

1. A suspensión temporal da homologación concedida a unha titulación académica de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional terá como efecto inmediato, a partir da publicación do acordo do Consello de Ministros no «Boletín Oficial del Estado», a prohibición para a universidade de proceder á matriculación de novos alumnos na titulación afectada durante o prazo de suspensión acordado polo Goberno.

2. A revogación con carácter definitivo da homologación concedida a unha titulación académica de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional terá como efecto inmediato, a partir da publicación do acordo do Consello de Ministros no «Boletín Oficial del Estado», a prohibición para a universidade con carácter definitivo de proceder á matriculación de novos alumnos na titulación afectada.

3. A universidade afectada pola revogación da homologación concedida a unha titulación académica non poderá solicitar de novo a implantación destas ensinanzas e, por tanto, a homologación do plan de estudos e do título correspondente, ata pasados seis anos desde a publicación do acordo de revogación, logo de informe favorable da Comisión Mixta do Consello de Coordinación Universitaria.

4. A suspensión acordada non afectará os estudantes matriculados con anterioridade e que se encontren cursando o plan de estudos no momento da adopción da decisión de suspensión ou, se é o caso, de revogación polo Consello de Ministros. As universidades están obrigadas a garanti-lo adecuado desenvolvemento efectivo das ensinanzas que iniciasen os seus estudantes ata a súa finalización.

5. Nos supostos de revogación da homologación do título universitario oficial, as Administracións educativas correspondentes arbitrarán as medidas oportunas para que os estudantes matriculados nos estudos conducentes ó título a homologación do cal foi revogada poidan continuar as súas ensinanzas en condicións apropiadas.

6. Naqueles supostos en que o Consello de Ministros acorde a suspensión ou a revogación da homologación outorgada ó título universitario, as administracións educativas competentes adoptarán as medidas que resulten necesarias en relación co profesorado universitario afectado.

**Disposición adicional primeira. Universidades da Igrexa católica.**

1. As universidades da Igrexa católica, en virtude do establecido no convenio entre a Santa Sé e o Estado español, do 10 de maio de 1962, así coma no acordo, do 3 de xaneiro de 1979, entre o Estado español e a Santa Sé, sobre ensino e asuntos culturais, manteñen os seus procedementos especiais en materia de recoñecemento de efectos civís de plans de estudos e títulos, en tanto en canto non opten por transformarse en universidades privadas.

2. Estes procedementos especiais non afectan, en todo caso, as disposicións que neste real decreto se dictan nos artigos 7 e seguintes e que fan referencia á avaliación e acreditación da calidade das ensinanzas, e á suspensión e revogación da homologación de títulos. As universidades da Igrexa católica en ámbolos aspectos estarán suxeitas ás normas contidas neste real decreto.

**Disposición adicional segunda. Avaliación de ensinanzas.**

1. As universidades deberán someter a informe de acreditación da Axencia Nacional de Avaliación da Cali-

dade e Acreditación o desenvolvemento efectivo de todas aquelas ensinanzas que se correspondan con plans de estudos que se homologuen e implanten a partir da entrada en vigor deste real decreto e dos cales os alumnos da primeira promoción puidesen supera-la totalidade dos cursos académicos.

2. En todo caso, e antes do 1 de outubro de 2010, as universidades deberán someter a informe de acreditación da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación o desenvolvemento efectivo de tódalas ensinanzas correspondentes a plans de estudos que fosen homologados e implantados na súa totalidade con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto.

**Disposición derogatoria única. Derrogación normativa.**

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó disposto neste real decreto, en particular aquelas disposicións contidas no Real decreto 1497/1987, do 27 de novembro, polo que se establecen directrices xerais comúns dos plans de estudos dos títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, así como as contidas no Real decreto 1496/1987, do 6 de novembro, sobre obtención, expedición e homologación de títulos universitarios, que afecten directamente, en ámbalas normas, o procedemento de homologación de plans de estudos e títulos.

**Disposición derradeira primeira. Título competencial.**

Este real decreto dítase ó abeiro do disposto no artigo 149.1.30.<sup>a</sup> da Constitución, así como no artigo 35 e na disposición derradeira terceira da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

**Disposición derradeira segunda. Desenvolvemento regulamentario.**

Correspóndelle ó ministro de Educación, Cultura e Deporte dictar, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para a aplicación deste real decreto.

**Disposición derradeira terceira. Entrada en vigor.**

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 19 de xaneiro de 2004.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Educación, Cultura e Deporte,  
PILAR DEL CASTILLO VERA

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**1438** *REAL DECRETO 122/2004, do 23 de xaneiro, polo que se modifica o Real decreto 957/2002, do 13 de setembro, polo que se regulan as inspeccións técnicas en estrada dos vehículos industriais que circulan en territorio español. («BOE» 21, do 24-1-2004.)*

O Real decreto 957/2002, do 13 de setembro, regula as inspeccións en estrada de vehículos industriais tanto